



Curso 2021-2022

I PLAN DE IGUALDADE

IES SANXILAO

INDICE:

1. INTRODUCCIÓN
2. MARCO LEGISLATIVO
3. DIAGNOSE DA IGUALDADE NO CENTRO
4. PRINCIPIOS ORIENTADORES NO CENTRO E OBXECTIVOS DO PLAN
5. LIÑAS XERAIS E ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN
 - LIÑA 1: MODELO DE CENTRO COEDUCATIVO
 - LIÑA 2: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR NON SEXISTA
 - LIÑA 3: ORIENTACIÓN CON ENFOQUE DE XÉNERO
 - LIÑA 4: MODELO DE CONVIVENCIA IGUALITARIO
6. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

ANEXOS:

ANEXO I: MODELO DE ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE IGUALDADE

ANEXO II: RECURSOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN SOBRE A IGUALDADE.

ANEXO III: ENQUISA PARA MOZAS

ANEXO IV: ENQUISA PARA MOZOS

ANEXO V: CUESTIONARIO: SOBRE TI, SOBRE O CENTRO

ANEXO VI: INDICADORES COEDUCATIVOS

1. INTRODUCCIÓN

A fenda de xénero no ámbito educativo é un sinal de alerta do que dan conta numerosos estudos recentes, de ámbito internacional e estatal:

- **colectivo docente:** as mulleres están sobrerrepresentadas no corpo docente (71,9 % no ensino non-universitario), aínda que a súa presenza difire moito segundo a etapa educativa. A súa presenza en cargos directivos sitúase no 65%.
- **escolarización:** as mulleres permanecen como alumnas máis tempo no sistema educativo, acadan maiores cotas de formación e presentan mellor taxa de idoneidade. Os homes presentan unicamente maior taxa de matrícula na FP Básica, nos ciclos de grao medio e superior da FP e nas probas libres de técnico superior.
- **titulación** (éxito escolar): as mulleres acadan mellores taxas de titulación na ESO, no bacharelato e nos graos superiores de FP; os homes titulan en maior porcentaxe na ESA, na FP Básica e nos ciclos de grao medio.
- **resultados académicos** (éxito escolar): as mulleres presentan mellores resultados académicos en todas as franxas de idade; con todo, os homes presentan maior porcentaxe de aprobados no acceso á universidade en contraste co número de homes e mulleres presentados. Por outra banda, segundo datos da OCDE, as mulleres presentan mellores resultados en lectura e os homes en matemáticas.
- **abandono escolar temperán, taxa de idoneidade, absentismo escolar** (fracaso escolar): os homes están sobrerrepresentados nos catro indicadores.
- **convivencia:** os homes protagonizan máis situacións de acoso escolar e de condutas contrarias á convivencia. Ademais o 56% dos homes defende posicións machistas (FAD); asumen maiores condutas de risco (consumo de drogas duras, accidentes de tráfico, taxas de suicidio, infeccións por ITS...).
- **violencia de xénero:** a maioría dos menores considera que a violencia de xénero aumentou (FAD), unha porcentaxe elevada admite como normais as condutas de violencia na parella, a Fiscalía alerta de que vai en aumento o número de menores con medidas cautelares e ordes de afastamento etc.
- **necesidades específicas de apoio educativo:** as mulleres están infrarrepresentadas neste grupo.
- **representación en itinerarios formativos:** a escolla dos itinerarios formativos no ensino obrigatorio presenta un baixo desequilibrio de xénero no ámbito científico-tecnolóxico (a favor dos homes) e un elevado desequilibrio no ámbito artístico (a favor das mulleres); na FP e nas ensinanzas especiais agrávanse eses desequilibrios (sobre todo en deporte e danza).

- **autoestima:** as nenas presentan menor nivel de autoestima e de recoñecemento da súa propia valía e capacidades, o que as leva a ter menos iniciativa de emprendemento.
- **empregabilidade:** a feminización dos estudos contrasta coa masculinización do mercado laboral, pois constátase que as mulleres teñen peores taxas de emprego en todos os niveis de formación entre os 25 e os 64 anos.

A constatación destes desequilibrios reafirma a identificación do ámbito educativo como espazo de intervención necesaria e dirixe o foco cara ás políticas públicas como garante da compensación das necesidades detectadas, de aí que elixísemos o ámbito educativo como obxecto de estudo.

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo do noso centro, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

Esta iniciativa é unha aposta innovadora, que permite concienciar á comunidade educativa en materia de igualdade, traballando a prol da igualdade entre mulleres e homes.

As liñas que rexerán a actuación deste Plan serán traballar na construción dun modelo coeducativo, na formación que permita un cambio nas prácticas sociais que dificultan o desenvolvemento dunha verdadeira igualdade de oportunidades, para isto é clave a formación do profesorado, e deste xeito poder incluír a perspectiva de xénero nos contidos educativos e na práctica docente.

Este Plan de Igualdade pretende ser un documento de traballo, unha ferramenta práctica concebida e feita a medida das necesidades do centro educativo, para promover a coeducación como modelo educativo do centro, e deste xeito facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia; propiciar a igualdade de oportunidades entre a comunidade educativa e o desenvolvemento de medidas dirixidas á eliminación da discriminación contras as mulleres a través da educación emocional e resolución pacífica de conflitos.

Os contidos fundamentais a desenvolver neste plan son:

- Coeducación
- Igualdade de xénero
- Tolerancia e respecto
- Diversidade afectivo – sexual (con especial atención ao alumnado con diversidade funcional).
- Eliminación de estereotipos

Dentro dos contidos a traballar, poñeremos especial atención á celebración didáctica, formativa e pedagóxica de datas sinaladas: *día 25 de novembro contra a violencia de xénero*, *día da muller traballadora* (8 de marzo) e *día do orgullo LGTBI* (entendido no noso centro como un día para celebrar o respecto pola diversidade afectivo - sexual existente na nosa comunidade).

En canto á **estrutura do Plan de Igualdade**, en cada actuación sinálanse os axentes implicados na súa execución ou responsables. Finalmente, recóllese a avaliación do plan para coñecer a efectividade das actuacións realizadas.

2. MARCO LEXISLATIVO

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

O preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuizos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Ademais destas medidas lexislativas, para a elaboración do **I Plan de Igualdade Intercentros**, tamén se tivo en conta a seguinte lexislación e a normativa:

ESTATAL

- Constitución Española de 1978.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246).
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313).
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

AUTONÓMICA

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004).
 - Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007).
 - Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007).
 - V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).
 - VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015).
 - Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO.
 - I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
 - Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
 - VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
 - Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade:
- **Art. 17:** o currículo de cada un dos niveis, etapas ou ciclos adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:
- comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos

- enriquecemento do contido coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.
 - fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes.
- **Art. 22:** a Consellería incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado naquelas materias en que sexa procedente.
- **Art. 23:** a Consellería fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade educativa para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- **Art 25:** A Consellería en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.
- Protocolo de Identidade de Xénero
 - Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar.

En canto aos documentos de centro no que se enmarca este plan atópanse:

- Proxecto educativo
- NOFC
- Plan de Convivencia
- PAT

Asemade, este plan de igualdade concretarase anualmente na PXA, adaptándose a realidade do contexto educativo.

3. DIAGNOSE DA IGUALDADE NO CENTRO

IES Sanxillao é un dos 7 centros de educación secundaria da cidade de Lugo. Na actualidade a comunidade educativa está formada por máis de 700 alumnos e alumnas, 89 profesores dous a través do Proxecto ARCO e dous polos Contrato-Programas PROA PLUS, 17 membros de persoal non docente (administrativos, conserxes, limpadores, pinches de cociña, intendente para o economato de Hostalaría, unha persoa especialista na lingua de signos, e unha cuidadora para o alumnado NEAE), ademáis das familias do alumnado. Trátase dun centro con grande diversidade no seu alumnado onde se combinan as ensinanzas de ESO e BACH xunto coa familia de Ciclos Formativos de FP de Hostalería e Turismo.

3.1. Primeira fase:

REVISIÓN DE DOCUMENTOS E OBTENCIÓN DE DATOS.

No centro non se realizou recentemente ningún estudo nin recollida de datos que nos permita dispor dunha diagnose completa sobre a cal formular axeitadamente o plan de igualdade. Por esta razón, cara ao vindeiro curso escolar 2021/2022 deseñaremos e realizaremos enquisas axeitadas que nos permitan coñecer o sentir do noso centro arredor da igualdade.

Para coñecer o punto de partida en materia de igualdade, procederemos á revisión dos seguintes documentos internos: NOFC (Normas de Organización e Funcionamento do centro), Proxecto Educativo de Centro (PE), Programación Xeral Anual (PXA), Plan de Orientación Académico Profesional (POAP), Plan de Atención á Diversidade (PAD) e Plan de Acción Titorial (PAT) xunto coa información sobre datos desagregados por sexo do alumnado por curso, profesorado, xefatura de departamentos, equipo directivo, departamentos, titorías e persoal non docente, persoal de administración e servizos, asociacións de nais e pais, composición do consello escolar, datos sobre resultados académicos obtidos por curso, datos sobre absentismo escolar..., etc..

Unha vez recollido todo o material, realizamos unha análise cuantitativa e cualitativa da información achegada dende a perspectiva de xénero que nos permitiu visibilizar as desigualdades, as fendas e os atrancos que aínda existen por mor do xénero e que serviron para delimitar as liñas de actuación estratéxica do Plan de Igualdade.

Para o vindeiro curso debemos deseñar enquisas que nos sirvan de instrumentos de análise para recabar máis información.

- Preguntas sobre as preferencias laborais e razóns.
- Análise de imaxes/curtas relacionadas coa violencia de xénero nas titorías (o mestre recollerá datos sobre os comentarios do alumando)
- Observación e recollida de datos por parte dos mestres no tempo de lecer do alumnado (comentarios, xogos, actitudes nos xogos...)
- Análise da linguaxe empregada polo profesorado e nos documentos do centro.

3.2. Segunda fase

ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.

Identificadas as debilidades e fortalezas en materia de igualdade no centro (DAFO), estableceranse as liñas que se consideren de prioritaria intervención así como os principios, obxectivos e as actuacións de cada liña e se recollerán as suxestións, consideracións ou achegas de mellora propostas polas persoas que forman parte da Comisión de Igualdade.

3.3. Terceira fase

EDICIÓN E DIFUSIÓN.

Unha vez recollida toda a información realizarase a comunicación das principais conclusións e actuacións propostas no plan.

Finalmente levarase a cabo unha planificación da execución do Plan deseñándose os instrumentos de seguimento e avaliación.

Dicir que este Plan de Igualdade é unha primeira toma de contacto para incorporar a práctica coeducativa no centro, debido a que é unha tarefa complicada en canto que supón cambiar un modelo pedagóxico que leva moitos anos instaurado. Este novo modelo de actuar en igualdade irá mellorándose cos anos de traballo.

4. PRINCIPIOS ORIENTADORES E OBXECTIVOS DO PLAN

Para a elaboración do I Plan de Igualdade debemos ter en conta unha serie de principios orientadores que sustentarán a implementación da educación en igualdade no centro.

- Igualdade entre homes e mulleres.
- Respecto dos dereitos, deberes e liberdades de mulleres e homes.
- Visibilidade.
- Transversalidade na educación.
- Inclusión: Educar na diversidade.
- Corresponsabilidade.
- Resolución pacífica de conflitos.

Transversalidade:

O principio de igualdade entre homes e mulleres ten que estar presente no conxunto de accións levadas a cabo polo centro educativo. O enfoque transversal supón integrar a perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten á comunidade educativa.

Visibilidade (facer visible)

Este Plan incorpora medidas e actuacións concretas que poñen o acento na necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade, xa que as mulleres son as grandes ausentes nos materiais didácticos e libros de textos. Por iso é necesario visibilizar as súas achegas ao mundo das artes, política, ciencia..., poñendo en valor a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade.

Inclusión (equilibrio entre hombres e mulleres)

As medidas e actuacións deben dirixirse ao conxunto da comunidade educativa creando relacións en igualdade entre mulleres e homes. A participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións e a presenza paritaria en diferentes ámbitos e categorías profesionais debe responder a criterios de capacidade e formación equiparables e gozar de similar consideración.

Sensibilización e formación do profesorado

O equipo directivo do centro levará a cabo unha aposta firme pola coeducación ao igual que o profesorado que está sensibilizado coa igualdade e amósase predisposto a traballar desde a perspectiva de xénero a través tanto da súa implicación en accións puntuais como na práctica diaria.

A formación do profesorado é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas. Neste sentido, promoverase que o profesorado participe en cursos de capacitación para integrar a igualdade no currículo.

Uso de linguaxe inclusiva

Existe unha planificación da linguaxe empregada na documentación xeral, no material didáctico, nos rótulos. Préstase especial atención a este tema e se procura evitar o uso dunha linguaxe sexista tanto como medio vehicular na relación docente discente como na linguaxe icónica.

Docencia e material educativo

No que respecta aos materiais educativos, o centro e o profesorado procura seleccionar libros de texto e de consulta que transmitan unha visión non sexista levando a cabo accións puntuais para corrixir os contidos sexistas identificados.

Desenvolvemento persoal do alumnado

Realizaranse periodicamente obradoiros sobre diferentes aspectos, como prevención da violencia ou condutas de risco asociadas a un ou outro xénero e actuacións puntuais que se levan a cabo relacionadas coa orientación persoal, escolar ou profesional non sexista.

Creemos que existe unha clara aposta por parte do profesorado de traballar a prol da igualdade; non obstante, é necesario seguir potenciando a introdución da perspectiva de xénero nas dinámicas educativas a través da proposta de actuacións específicas que se comprometan a traballar na transversalidade de xénero.

Recomendación mensaxes

- Reforzar mensaxes que diferencien entre a igualdade formal (legal, máis ou menos lograda) e a **igualdade real e efectiva** (material, a que está aínda por conseguir), poñendo o foco na necesidade de avanzar nesta última.
- Transmitir axeitadamente o concepto de "igualdade" como **igualdade de oportunidades** entre homes e mulleres, e non como unha igualdade esencial. Non se poden obviar as diferenzas que existen entre homes e mulleres nin tampouco negar a necesidade de avanzar naquelas cuestións que afectan en exclusiva ás mulleres (ex. maternidade, violencia sexual, visibilización social).
- Transmitir a loita pola igualdade como unha cuestión de **xustiza social**, como un dereito da humanidade, e non como unha cuestión que só defina unha conquista para as mulleres. O feminismo mellora a vida dos homes e dignifica a vida das mulleres.
- Non **frivolizar**, nin banalizar, nin restar importancia á loita pola consecución da igualdade real e efectiva. A conquista dos dereitos non está lograda ("o espellismo da igualdade"), nin vén dada, nin tampouco é irreversible. Non se debe asociar a idea dun futuro igualitario coa idea de destino (que vai chegar irremediabilmente) ou coa percepción de que vai vir dado por xeración espontánea (sen esforzo, sen conflito social, sen debate).
- Entender a conquista da igualdade de xénero como unha tarefa enraizada no seu **contexto** histórico, socioeconómico e cultural. As mulleres reclaman cousas distintas en contextos distintos (ex. mutilación xenital feminina; acceso á auga; acceso á educación; traballo digno).
- Presentar unha actitude de **tolerancia 0** con todas as formas de violencia, e neste caso especialmente coa violencia contra as mulleres e contra os nenos e as nenas que son vítimas da violencia de xénero.
- Presentar a violencia de xénero como mostra extrema da **desigualdade** que se emprega como estratexia de forza para manter a situación das mulleres dentro do *statu quo*.
- Elaborar mensaxes con **contido crítico** onde se analicen as causas e as consecuencias da desigualdade. É necesario contextualizar os problemas dentro da sociedade e da cultura en que se dan a través dunha análise profunda que teña en conta todos os parámetros que lle afectan.
- Revisar os **discursos actuais** que xustifican as desigualdades de xénero (ex. baseándose nas diferenzas, como as teses bioloxicistas ou naturalistas), que as banalizan (ex. presentando os problemas con distancia persoal, observándoos como lacras sociais monstrosas ás que somos alleos, e non como conflitos que teñen a súa causa no noso comportamento), que as relativizan (ex. desvirtuando o concepto de violencia de xénero aplicándoo tamén aos homes ou ás parellas gays e lesbianas) ou directamente que as negan (ex. negando os datos oficiais).
- **Definir** a quen se dirixen as mensaxes, na medida do posible. Os intereses, os enfoques, os temas... recibirán un tratamento ou outro segundo o/s colectivo/s ao/s que destinemos a mensaxe.

- Apostar por mensaxes **inclusivas**, que apelen a toda a cidadanía, a homes e a mulleres. A mensaxe do feminismo apela a toda a sociedade e require a participación de todos e todas para a súa consecución.
- Apostar por mensaxes dirixidas a **colectivos estratéxicos** para o cambio social (ex. a infancia, adolescentes, familias...). Con todo, cómpre non perder de vista de que educa a sociedade no seu conxunto.
- Apostar por mensaxes en **positivo**, construtivas, proactivas, que resalten as boas prácticas e dean exemplos do que se identifica como vía de solución, proposta de mellora, proposta de cambio (son preferibles ás mensaxes en negativo, de confrontación, agoreiras, reactivas, etc.).
- Analizar con sentido crítico as **mensaxes segregadas** que a sociedade lle lanza a homes e mulleres: homes > éxito profesional, éxito sexual, forza física, valentía, enteireza...; mulleres > beleza, atractivo sexual, domesticidade (nai-esposa), premio...
- Denunciar as mensaxes que **culpabilicen** as vítimas da violencia de xénero. Cómpre aplicar unha especial atención ao tratamento informativo e mediático dos casos de violencia contra as mulleres e contra os fillos e fillas e valorar a idoneidade da información e dos xuízos de valor que se trasladan á cidadanía.
- Recoñecer os **novos retos** que se presentan para conseguir a igualdade real e efectiva (ex. precariedade laboral, falta de oportunidades xeneralizadas) as relacións igualitarias entre homes e mulleres (ex. uso das redes para favorecer o control da parella).
- Coidar as mensaxes que se dirixen ás **mulleres**: apelar á diversidade de formas de ser (mulleres en todos os ámbitos da vida), non responsabilizalas de non poder seguir o seu camiño, non ofrecerlles a igualdade como un agasallo, non culpabilizar as vítimas da violencia de xénero, non ofrecer a maternidade como algo esencial na vida das mulleres
- Coidar as mensaxes que se dirixen aos **homes**: apelar á diversidade de formas de ser (masculinidades diversas, homes en profesións feminizadas, homes en accións relacionadas co coidado); apelar á necesidade de que participen do cambio social (aliados do feminismo, homes feministas).

Recomendación imaxes

- **Non cousificar** as mulleres nin presentalas a cachos, nin sexualizar os corpos, nin erotizar a violencia.
- Non aplicar **estereotipos** ao conxunto dos **homes**, nin presentalos como esencialmente violentos. Non culpabilizar os homes da violencia de xénero.
- **Usar iconografía** da forza, do futuro, do poder, da esperanza... como elementos asociados a algo positivo, e non asociados á violencia.
- **Non abusar** da iconografía asociada á desigualdade (cadeas, pedras, chanzos).

- Usar **simbología** clara e significativa, cun significado decodificable.
- Reforzar a **iconografía** co **argumentario** para clarificar o que se quere transmitir.
- Non abusar de estéticas, imaxes, cores e símbolos relacionados co **feminismo**.
- Presentar os iconos da **masculinidade** (heroes, salvadores, provedores) e da **feminidade** (princesas, corazón, sufrimento, nai-esposa, cuidadoras) con sentido crítico.
- Coidar a elección dos **referentes** seleccionados como modelos igualitarios.

Partindo destes principios orientadores, xorden as seguintes **liñas estratéxicas de actuación que se concretan en catro obxectivos xerais**.

Os responsables das actuacións indicadas nas liñas son: Equipo Directivo, a persoa Coordinadora do Plan de Igualdade; o Departamento de Orientación, os Xefes dos Departamentos Didácticos (pola transversalidade) o Equipo Docente, a ANPA cando sexa necesario, así como Organismos e Asociacións Externas.

Liña 1	Modelo de centro coeducativo
Obxectivo: Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro	
Liña 2	Desenvolvemento curricular non sexista
Obxectivo: Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos	
Liña 3	Orientación con enfoque de xénero
Obxectivo: Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional	
Liña 4	Modelo de convivencia
Obxectivo: Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relación de igualdade, promover o cambio das relación entre mulleres e homes e a responsabilidade do profesorado.	

5. LIÑAS XERAIS E ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN

- Designación da persoa coordinadora do Plan e dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do Consello Escolar.
- Difusión de actividades formativas por parte do Departamento de Orientación entre o profesorado titor que forman parte do PAT e POAP.
- Difusión e sensibilización por parte da orientadora entre profesorado e alumando do protocolo para a Igualdade de xénero e do Protocolo para a prevención do acoso e do ciberacoso.

- Realización de Obradoiros de Educación Afectivo-Sexual e de Igualdade de xénero para o alumnado de 3º e 4º da ESO articulados a través dos Contrato-Programa (se se oferta).
- Actividades, incardinadas dentro das programación, dirixidas a visibilizar as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos, incidindo tamén nas mulleres notables do noso país.
- Introducción de materiais coeducativos de elaboración propia ou que nos poida aportar a propia Consellería e outros organismos en relación aos ámbitos aquí recollidos.
- Cartelería coeducativa (rompedora cos estereotipos de xénero) polos corredores do centro.
- Charlas de promoción da igualdade en colaboración coa ANPA e outras asociacións de mulleres veciñais e de mulleres emprendedoras para o estudo e contraposición daqueles traballos considerados desde tempos pasados ata os nosos días como de homes e mulleres e como mudou este concepto ata chegar aos nosos días.
- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Dos Dereitos Humanos, Día da Ciencia...).
- Realizar actividades de promoción de prácticas deportivas non sexistas.
- Ampliacións anuais do catálogo da biblioteca na atención á diversidade e igualdade de xénero.
- Solicitud do Plan director en relación a esta temática:
- Prevención da violencia de xénero
- Acoso escolar e ciberacoso
- Seguridade no uso das novas tecnoloxías (grooming, sexting, redes sociais, Instagram, tik -tok, F3, ...).
- Celebración das datas marcadas polo calendario escolar favorecedoras de conseguir os obxectivos marcados neste Plan:

25 de novembro (Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller): que nesta data o alumnado do centro diga non a este tipo de violencia e sexa capaz de diferenciar que é o que se pode e non se pode permitir nunha relación afectiva. Intentamos chegar a súa realidade ao centro de modo que cada unha/un poda analizar diferentes aspectos e axudemos a un pensamento crítico.

Durante esta semana establecerase o visionado e análise de vídeos ou curtas para comentar posibles tipos de violencia facendo fincapé na violencia de xénero nesta ocasión.

24 de febreiro: coincidindo co Día de Rosalía coñeceremos diferentes mulleres das nosas letras que aportaron coa súa literatura riqueza cultural a nosa Comunidade e ao noso País ou países veciños.

8 de marzo: Invitación ao centro a diferentes mulleres da nosa contorna que realizan traballos considerados polo noso alumnado como do xénero masculino.

Visibilización da muller na nosa historia: daremos visibilidade a mulleres pasadas e presentes que deron cabida a moitos avances, en todos os eidos, que marcaron e marcarán a historia.

15 de maio: coincidindo co Día da familia, darémoslle importancia a todos os membros por igual e estudaremos os diferentes tipos que existen na nosa comunidade.

- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
- Analizar os materiais curriculares desde esta perspectiva, cambiando aqueles que se consideren inadecuados.
- Introducir materiais coeducativos de elaboración propia ou que nos poda aportar algunha asociación ou a propia Consellería e Concello ou Deputación, en relación aos ámbitos aquí recollidos.
- Cartelería coeducativa (rompedora cos estereotipos de xénero) polos corredores do centro
- Analizar a linguaxe do profesorado, ampliando nos vindeiros cursos ao resto da comunidade educativa.
- Analizar a linguaxe empregada nos diferentes documentos do centro.
- Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- Estudo e contraposición daqueles traballos considerados desde tempos pasados ata os nosos días como de homes e mulleres e como mudou este concepto ata chegar aos nosos días. Esta actividade estará presente ao longo do curso a través de materias como as ciencias sociais ou o proxecto desenvolto na etapa de Educación Infantil e Primaria.
- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
- Nas áreas instrumentais estarán presentes aqueles referidos ás habilidades sociais principalmente.

DESENVOLVEMENTO DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN:

Liña 1	Modelo de centro coeducativo
Obxectivo : promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento	
Actuación 1.1.	Crear unha Comisión Permanente de Igualdade no centro, coa figura dun/dunha docente responsable da área de coeducación.
Actuación 1.2.	Promover o nomeamento dunha persoa coordinadora do Plan no centro (persoal docente) e outra dentro do Consello Escolar (nai/pai).
Actuación 1.3.	Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios.
Actuación 1.4.	Revisar o contido da Web, plataformas, blogs,..., para darle un enfoque coeducativo.
Actuación 1.5.	Integrar un espazo na propia web.

Liña 2	Desenvolvemento curricular non sexista
Obxectivo: Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos	
Actuación 2.1	Examinar os contidos e materiais empregados nos procesos educativos para evitar incluír elementos sexistas.
Actuación 2.2	Incorporar a perspectiva de xénero nas programacións didácticas dos distintos niveis e materias.
Actuación 2.3	Realizar actividades concretas nas programacións didácticas das materias dirixidas a visibilizar as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos das humanidades e da ciencia.
Actuación 2.4.	Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro.
Actuación 2.5.	Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas.
Actuación 2.6.	Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.
Actuación 2.7.	Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula.

Liña 3	Orientación con enfoque de xénero
Obxectivo: Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional.	
Actuación 3.1.	Incluír no Plan de Orientación e Acción Titorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.
Actuación 3.2.	Organizar sesións de tutorías enfocadas a realizar actividades de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
Actuación 3.3.	Incentivar proxectos coeducativos dirixidos á ANPA.
Actuación 3.4.	Elaboración de guías para fomentar as boas prácticas en coeducación.

Liña 4	Modelo de convivencia igualitario
Obxectivo: Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relación de igualdade	
Actuación 4.1.	Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (día da Paz, día do Libro, días das Letras Galegas, dos dereitos Humanos, día da Ciencia)
Actuación 4.2	Continuar promovendo e mellorando as actuacións e actividades o día 8 de marzo e 25 de novembro implicando á comunidade escolar.
Actuación 4.3	Realizar obradoiros, charlas ou proxectos de promoción da igualdade en colaboración coa ANPA e con outras asociación.
Actuación 4.4.	Proposta de crear unha “Marcha contra a Violencia de xénero” dirixida a todas as etapas educativas.
Actuación 4.5.	Participar en obradoiros de sensibilización e formación en ciberacoso e seguridade na rede dirixidos ao alumnado e familias.
Actuación 4.6.	Formar a parte do alumnado en temas de igualdade para que poidan ser axentes de sensibiliación co resto do alumnado creando unha Delegación Lila.
Actuación 4.7.	Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas.
Actuación 4.8.	Realizar en colaboración co departamento de Orientación actividades para a promoción de prácticas deportivas non sexistas.
Actuación 4.9.	Participación en xornadas formativas e obradoiros sobre hábitos de vida saudables, educación sexual e prevención de enfermidades de transmisión sexual.
Actuación 4.10.	Realización de obradoiros de educación afectivo-sexual e emocional dirixidos ao alumnado.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

A avaliación será un proceso de mellora continuada das accións que se desenvolven que nos permita determinar a efectividade das actuación realizadas.

O seguimento e avaliación do Plan é responsabilidade do Grupo de traballo que forma a Comisión e que será o encargado de valorar periodicamente o desenvolvemento de cada unha das súas medidas e actuacións, identificando e valorando os avances e os atrancos, e de realizar propostas de mellora.

Con frecuencia, nas reunións do claustro analizaranse as actividades realizadas; así como, as posibles suxerencias que poidan xurdir a raíz de situación que aparezan no centro ou presentación de actividades por parte de Asociacións sen ánimo de lucro, Concello ou outras.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema de avaliación do Plan, elaborárase unha ficha de rexistro e outra de avaliación das actuacións levadas a cabo. Realízase de forma periódica e participará todo o centro.

ANEXOS

ANEXO I: ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE IGUALDADE

Queda constituída a comisión pola igualdade que debendo ter un mínimo de tres compoñentes queda como a continuación se detalla:

PERSOA COORDINADORA: Ana Alonso Enríquez

RESTANTES MEMBROS:

- Un representante do equipo directivo: María Ángela Gómez Doval
- Representante do equipo de xestión da Convivencia: María Carmen Garabal Rey
- Unha persoa representante do Dpto de orientación: Ollala Méndez Arias
- Alumnado do comité de igualdade ou da xunta de delegados e delegadas, ou alumnado representante do Consello Escolar: Sara Covas Palacios (Grupo Diversidad)
- A persoa que impulsa e dinamiza as medidas de igualdade no Consello Escolar: María Río Fernández

FUNCIÓNS DA COMISIÓN:

1. Informar á comunidade educativa do deseño e desenvolvemento do plan de igualdade.
2. Sensibilizar e fomentar a participación durante todo o proceso.
3. Definir as canles de información que se utilizarán durante o proceso.

Lugo, a 17 de xaneiro de 2022

A directora



Asdo: María Ángela Gómez Doval

FUNCIÓNS DA COMISIÓN:

1. Informar á comunidade educativa do deseño e desenvolvemento do plan de igualdade.
2. Sensibilizar e fomentar a participación durante todo o proceso.
3. Definir as canles de información que se utilizarán durante o proceso.

ANEXO II: RECURSOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN SOBRE A IGUALDADE.

No Portal educativo atópanse recursos de distinto tipo que contribúen a que, entre toda a comunidade educativa, poidamos construír un modelo de escolar crítico coas desigualdades por razón de xénero que existen hoxe en día. Con estas medidas búscase contribuír á construción dun modelo de escola coeducativa, isto é, que entre toda a comunidade educativa participemos de xeito activo na promoción da igualdade, na eliminación dos estereotipos, na prevención da violencia machista e na visibilización da diversidade afectivo-sexual. Recollemos aquí os recursos máis relevantes:

Asesoría de Igualdade

Desde o curso 2017/18 a Consellería dispón dunha **Asesoría de Igualdade** que está ao dispor da comunidade educativa para a resolución das consultas relacionadas coas necesidades dos centros e do persoal docente. Pódese contactar coa Asesoría cando o necesitedes a través das seguintes vías: teléfono: 881 997 598 e correo electrónico: asesoria.igualdade@edu.xunta.gal

Portal de igualdade

Trátase dun recurso web de libre acceso dispoñible na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>. Aquí encóntranse novas de actualidade, eventos de interese, actividades formativas, publicacións de interese, boas prácticas, premios e certames etc. No portal recóllese a información de interese producida pola Consellería pero tamén aquela información producida por outras entidades que nos chega a través de distintas canles. Podedes contactar coa Asesoría de Igualdade para recibir puntualmente as novidades no teu correo electrónico.

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Trátase dun documento programático que recolle 27 medidas a través das cales a Consellería busca reforzar o traballo en igualdade dos centros. Pódese consultar aquí:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/i_plan_de_actuacions_para_a_igualdade_nos_centros_educativos_de_galicia_2016_2020.pdf.

Instrución para elaborar o Plan de igualdade

En 2019 a Consellería publicou unha instrución dirixida aos centros públicos e concertados de infantil, primaria e secundaria co fin de que se poñan ao día no cumprimento dos obxectivos coeducativos: a) promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; b) prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero; c) promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual; e d) prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

Da aplicación desta instrución están excluídos os CIFP, que teñen a súa propia regulación. O plan de igualdade que elabore o centro educativo integrarase na PXA e enriquecerase anualmente coas melloras de diagnóstico, programación e execución que o centro considere. A Consellería pode contribuír con recursos económicos extraordinarios para o desenvolvemento das actividades do plan de igualdade. Pódese consultar esta instrución a través do propio centro educativo.

Pódese consultar tamén información relacionada coa elaboración do plan de igualdade na seguinte ligazón no Portal de igualdade: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/28553>

Materias específicas de igualdade

A Consellería publicou os currículos de dúas materias de libre configuración autonómica de libre elección para os centros, que se poden consultar aquí:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade/normativa>

Trátase da materia de "Igualdade de Xénero" (para 1º/2º da ESO) e "Coeducación para o Século XXI" (para 1º de bacharelato). A Consellería pode contribuír ao traballo nestas materias con recursos económicos extraordinarios.

- Ciclo Superior de Promoción de Igualdade de Xénero. Trátase dun ciclo de formación profesional que se oferta no CIFP A Xunqueira (Pontevedra) co fin de formar persoal especializado na promoción da igualdade e na atención da violencia de xénero. Pódese consultar aquí a información sobre o ciclo:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade/formacion>

Formación do profesorado

Co fin de reforzar a formación docente en materia de igualdade, violencia de xénero e diversidade, a Consellería ampliou e diversificou a oferta formativa, que podedes consultar resumida na seguinte ligazón para coñecer os cursos que están ao voso dispor <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/28272>

Convocatoria de contratos-programa (só centros públicos)

Esta convocatoria, que se adoita publicar no 1º trimestre do curso, inclúe unha modalidade específica para o traballo en igualdade co fin de reforzar con recursos económicos extraordinarios o traballo dos centros arredor dos obxectivos coeducativos. É un recurso de moito interese para apoiar as accións dos centros. <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/29702>

Convocatoria de Plan Proxecta

Esta convocatoria, que se lanza ao comezo de cada curso escolar, inclúe varios programas que traballan especificamente sobre igualdade: Rapazas emprendedoras nas TIC, De Ítaca a Ávalon, Donas de si, Por 365 de respecto e igualdade, Galicons-net (modalidade a. Consumo e xénero), Xente con Don e

Quérote+. A través destes programas pódese traballar curricularmente as distintas temáticas e acceder aos recursos que ofrecen estes programas. Pódese consultar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta/programas>

Outras convocatorias e premios de igualdade

Ao longo do ano académico a Consellería e a Secretaría Xeral de Igualdade van publicando distintas convocatorias de premios e certames que poden ser de interese para o labor docente. Nuns casos trátase de convocatorias que sempre están relacionadas coa igualdade (Premio de curtametraxes Alice Guy-Blaché, I Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón, Concurso de carteis e pezas gráficas do 25 de novembro, Concurso de carteis e pezas gráficas do 8 de marzo, contratos-programa, Plan Proxecta). E noutros casos trátase de convocatorias que circunstancialmente se ocupan da igualdade (Club de Letras 2019/20, Comunicatedu 2018/19, Premios Plan Proxecta).

Calendario escolar curso correspondente

Como cada ano, o calendario escolar recolle como datas sinaladas datas o 25 de novembro (Día Internacional contra a Violencia de Xénero) e o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) para que os centros realicen actividades de sensibilización con todo o alumnado. Para arroupar estas accións, neste curso escolar consolídanse os eventos de formación realizados á beira das ditas datas co fin promover entre o profesorado a sensibilización, a difusión das boas prácticas e as metodoloxías recomendadas para traballar arredor destas dúas temáticas.

Maletas de igualdade

Trátase dun recurso bibliográfico semellante ás maletas viaxeiras de Bibliotecas escolares. Consiste en 3 maletas emprestables a través dos CFR: unha maleta de libros de lectura para educación infantil e primaria, outra para educación secundaria e outra con publicacións máis técnicas para o profesorado. Pódese consultar nesta ligazón a listaxe de publicacións que conteñen as maletas para o alumnado:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23505>

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Cóntase co apoio dos recursos extraordinarios chegados a través do **Pacto de Estado contra a violencia de xénero**, o cal repercute directamente na realización de accións destinadas á comunidade educativa. Pódese consultar aquí a información sobre o Pacto de Estado:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/27097>

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/pactoEstado/home.htm>

ANEXO III: PRIMEIRO BLOQUE. Mitos e crenzas afectivo-sexuais

1. Pensas que unha moza que se lía con moitos mozos é unha porca?
2. Cres que maioritariamente os mozos van ao que van coas mozas?
3. Cres que os mozos son, por natureza, máis sexuais ca as mozas?
4. Cres que os mozos que máis triunfan á túa idade son os chulos?
5. Pensas que nas relacións de noivado na adolescencia existe machismo?
6. Cres que hai mozas que manteñen relacións sexuais por medo a que a parella rompa a relación?
7. Pensas que a través dos espazos virtuais se producen casos de violencia sexual cara ás mozas?
8. Pensas que hai mozas que finxen ter un orgasmo para satisfacer a súa parella?
9. Pensas que existe presión dos mozos cando unha relación sexual comeza para chegar ata a penetración?
10. Aos mozos da túa idade gústalles que a moza se depile integralmente?

SEGUNDO BLOQUE. Prácticas afectivo-sexuais

11. Mantiveches relacións sexuais?
12. Terías unha relación estable cunha persoa que ten fama de ter moitas relacións?
13. Consideráste unha persoa celosa nas túas relacións de noivado?
14. Para ti, é importante estar namorada para manter relacións sexuais?
15. Pediuche un mozo algunha vez gravar as vosas relacións sexuais?
16. Solicitouche algún mozo amizade a través das redes sociais co fin de ter unha relación sexual?
17. Pediuche algunha vez algún mozo que lle mandases fotos eróticas túas?

TERCEIRO BLOQUE. Violencia sexual

18. Nas túas relacións sexuais, fas cousas que che pide a outra persoa aínda que non che apeteza?
 19. Recibiches algunha vez presións/chantaxes para facer algunha práctica sexual que non che apetecía?
 20. Presionáronche algunha vez para manter relacións sexuais?
 21. Mentíronche algunha vez co fin de manter relacións sexuais?
 22. Algún mozo se enfadou contigo por non querer rematar unha relación sexual?
 23. Algunha vez se excederon sexualmente contigo sen que ti quixeses?
 24. Algunha vez criticaron o teu corpo mentres mantiñas relacións sexuais?
 25. Sufriches chantaxes/presións para non utilizar métodos anticonceptivos nas túas relacións sexuais?
- Fonte: Ruiz Repullo, Carmen (2017): *La violencia sexual en adolescentes de Granada*. p. 46-47.

ANEXO IV: PRIMEIRO BLOQUE. Mitos e crenzas afectivo-sexuais

1. Pensas que unha moza que se lía con moitos mozos é unha porca?
2. Cres que maioritariamente os mozos van ao que van coas mozas?
3. Cres que os mozos son, por natureza, máis sexuais ca as mozas?
4. Cres que os mozos que máis triunfan á túa idade son os chulos?
5. Pensas que nas relacións de noivado na adolescencia existe machismo?
6. Cres que hai mozas que manteñen relacións sexuais por medo a que a parella rompa coa relación?
7. Pensas que a través dos espazos virtuais se producen casos de violencia sexual cara ás mozas?
8. Cres que hai veces nas que unha moza di non a unha relación sexual cando no fondo quere dicir que si?
9. Pensas que hai mozas que van de estreitas pero no fondo queren manter relacións sexuais?
10. Cres que cando unha moza flirtea é que está a provocar?

SEGUNDO BLOQUE. Prácticas afectivo-sexuais

11. Mantiveches relacións sexuais?
12. Terías unha relación estable cunha persoa que ten fama de ter moitas relacións?
13. Consideráste unha persoa celosa nas túas relacións de noivado?
14. Gústache que a moza coa que estás se depile integralmente?
15. Usaches sempre o preservativo nas túas relacións sexuais?
16. Pedícheslle algunha vez a unha moza que che mande fotos eróticas súas?

TERCEIRO BLOQUE. Violencia sexual

17. Pensas que cando unha relación sexual comeza hai que chegar ata o final?
18. Presionaches algunha vez a unha moza para manter relacións sexuais?
19. Mentícheslle a algunha moza co fin de manter relacións sexuais?
20. Enfadácheste cunha moza por non querer rematar unha relación sexual?
21. Algunha vez te excediches sexualmente cunha moza sen que ela quixese?
22. Pensas que o alcol ou as drogas son a causa de que se produzan casos de violencia sexual?
23. Pensas que hai mozas que pola maneira de vestir son culpables de sufrir abusos sexuais?
24. Cres que a prostitución é unha forma de violencia sexual?
25. Cres que a pornografía é unha forma de violencia sexual?

ANEXO V

SOBRE TI

(Valora de 1 (nada de acordo) a 5 (totalmente de acordo))

- Na miña casa as mulleres e os homes comparten as tarefas de xeito igualitario.
- No centro realizo tarefas ou deberes de xeito cooperativo independentemente de se son homes ou mulleres.
- Sentínme discriminado/a por ser home/muller no centro educativo.
- Sentínme discriminado/a por non ser heterosexual ou por ser transexual.
- Recibín comentarios machistas dentro do centro ou por parte dun membro do centro.
- Sufrín agresións sexuais dentro do centro ou por parte dun membro do centro.
- Fun testemuña de comentarios machistas, homofóbicos ou sexistas no centro.
- Creo que o centro responde axeitadamente cando se produce unha agresión machista.

SOBRE O CENTRO:

(Valora de 1 (nada de acordo) a 5 (totalmente de acordo))

- centro é un espazo seguro no que as mulleres poden desenvolver o seu traballo sen recibir comentarios ou agresións machistas.
- centro é un espazo no que os homes poden elixir traballos ou funcións sen presións que os leven a considerar se iso é propio do xénero masculino.
- centro é un espazo seguro no que se respecta a orientación sexual de cadaquén.
- centro é un espazo de traballo no que as mulleres e os homes fan as mesmas tarefas indistintamente.
- Dentro do centro todos os espazos son seguros.
- As mulleres e os homes poden aproveitar os recursos e oportunidades que ofrece o centro na mesma medida.
- centro vivía que o alumnado non sufra acoso laboral por razón de sexo durante a realización de prácticas na empresa.
- centro informou ao alumnado das medidas de protección en caso de sufrir acoso sexual ou por razón de xénero nunha empresa.
- centro favorece que as mulleres accedan ao coñecemento tecnolóxico.

SOBRE O PROFESORADO:

(Valora de 1 (nada de acordo) a 5 (totalmente de acordo))

- profesorado de xeito igualmente respectuoso a homes e mulleres.
- Entre o profesorado hai algunha persoa coa que me dá confianza para confiarlle unha agresión sexista ou unha agresión sexual.
- profesorado favorece que o alumnado traballe de xeito cooperativo entre mulleres e homes.
- profesorado favorece que homes e mulleres participen por igual nas intervencións de clase e na realización de actividades.
- profesorado prepáranos para afrontar as dificultades que podemos atopar no posto de traballo pola nosa condición sexual.

ANEXO VI:

	Indicadores coeducativos	Factible	Transformador	Prioritario
1.	Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro o 25 de novembro (Día Intern. contra a Violencia de Xénero). ⁱ			
2.	Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) ⁱⁱ .			
3.	Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro para fomentar o respecto pola diversidade afectivo-sexual ⁱⁱⁱ .			
4.	No Plan de Convivencia , figuran accións concretas para o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.			
5.	No Plan de Convivencia, figuran accións concretas para a prevención da violencia de xénero e lgbtifobia.			
6.	No Plan de Acción Titorial , figuran accións concretas para fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.			
7.	No Plan de Acción Titorial, figuran accións concretas para a prevención da violencia de xénero e lgbtifobia.			
8.	Realízanse accións concretas con todo o alumnado para o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.			
9.	Realízanse accións concretas dirixidas a todo o alumnado para a prevención da violencia de xénero .			
10.	Realízanse accións concretas dirixidas a todo o alumnado para a prevención da lgbtifobia .			
11.	O centro promove unha educación afectiva e sexual integral para todo o alumnado.			
12.	O centro promove unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.			
13.	O centro utiliza unha linguaxe coeducativa nos documentos de centro ^{iv} .			
14.	O Consello Escolar do centro ten nomeada unha persoa como responsable en materia de igualdade ^v .			
15.	O centro ten un Plan coeducativo/de igualdade ^{vi} .			
16.	O centro rexistra e analiza datos sobre a situación da desigualdade por razón de xénero.			
17.	O centro aplica os pautas de actuación para previr e abordar as condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.			
18.	O centro ten a coeducación como unha das marcas de identidade do seu Proxecto Educativo.			
19.	O equipo directivo posúe formación específica en materia de igualdade e prevención da violencia machista.			

20.	O centro ten un equipo docente que se ocupa de coordinar as accións coeducativas.			
21.	O centro ofrece oportunidades para a participación activa e organizada do alumnado en actividades coeducativas.			
22.	O centro promove de xeito activo a revisión coeducativa das programacións didácticas dos departamentos.			
23.	O centro promove o uso de materiais didácticos coeducativos .			
24.	O centro procura a paridade nas accións de representación do profesorado.			
25.	O centro promove a paridade nas accións de participación e representación entre o alumnado.			
26.	O centro promove o uso pedagóxico de produtos culturais non sexistas no labor docente .			
27.	O centro promove o uso de produtos culturais non sexistas nas actividades complementarias e extraescolares .			
28.	O centro realiza actividades de intercambio con outros centros para promover a coeducación.			
29.	O centro ofrece a materia de Igualdade de Xénero en 1º ou 2º da ESO.			
30.	O centro ofrece a materia de Coeducación para o Século XXI en 1º de bacharelato.			
31.	O centro ofrece algunha outra materia de promoción da igualdade de xénero ou para a prevención da violencia machista.			
32.	O centro ofrece o ciclo superior de Promoción da Igualdade de Xénero.			
33.	O centro ten un PFPP centrado na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres ^{vii} .			
34.	O centro ten un PFPP centrado na prevención da violencia de xénero / lgbtifobia.			
35.	O centro ten un PFPP centrado na educación afectivo-sexual.			
36.	O centro ofrece actividades de información/formación ás familias para o fomento da igualdade de oportunidades.			
37.	O centro ofrece actividades de información/formación ás familias para sensibilizar contra a violencia machista.			
38.	O centro ofrece actividades de información/formación ás familias para coeducar nos afectos e na sexualidade.			
39.	O centro participa en programas educativos que promoven a coeducación (ex. Plan Proxecta).			
40.	O centro ten financiamento extraordinario para promover a coeducación (ex. contratos-programa).			
41.	O centro promove a participación non sexista en actividades deportivas .			
42.	O centro colabora con outras entidades (CIM, Servizos Sociais, Deputación) para impartir actividades de sensibilización.			

43.	O centro promove a participación do alumnado en concursos de sensibilización coeducativa.			
44.	O centro participa en mesas interinstitucionais para previr as violencias machistas.			
45.	A biblioteca escolar dispón dunha sección sobre igualdade/coeducación/feminismo.			
46.	O centro promove as lecturas coeducativas nas actividades de promoción do hábito lector.			
47.	O centro xestiona o uso do patio para facelo coeducativo.			
48.	O centro promove accións de intervención social co alumnado como modo de sensibilización contra a violencia machista.			
49.	O centro difunde información sobre campañas coeducativas institucionais ou doutras entidades.			
50.	O centro dispón dun taboleiro de novas ou difunde información sobre igualdade/violencia de xénero/LGTBI.			

ACTIVIDADE:

1. Individualmente, deben seleccionar os elementos nas 3 columnas.
2. Logo, deben poñer no A3 a súa escolla. Valorar os puntos en que están de acordo.

ⁱ Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 28 de xuño de 2019). Artigo 8.

ⁱⁱ Idem.

ⁱⁱⁱ Idem.

^{iv} Lei orgánica 3/2007 de igualdade. Artigo 14.1.

^v Texto consolidado da LOE (LOMCE). Artigo 126.2 (centros públicos) e disposición final primeira (centros concertados).

^{vi} Instrución do 6 de setembro de 2019.

^{vii} Resolución do 13 de xuño de 2018.